



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G007/000013

Visto o establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o acordo plenario de data dous de xullo de dous mil dezanove, así como o decreto da Alcaldía 364/2019, de data catro de xullo de dous mil dezanove, en relación á celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Visto o apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola disposición final segunda do Real Decreto- Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, BOE do 1 abril, vixente desde o 2 abril 2020, que di: *“En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.*

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten”.

Vista a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19 a cal debe ser considerada como una situación excepcional de grave risco colectivo que impide ou dificulta aínda o normal funcionamento presencial da Xunta de Goberno Local, concorrendo, pois, un dos presupostos de feito do citado art. 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o que habilita para a celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia por medio electrónicos e telemáticos.

É polo que á vista dos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos e en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar mediante videoconferencia (enlace, <https://meet.google.com/xne-zpth-yyc>) o vindeiro día **10 de xuño (mércores) ás 12:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión número 2020/G007/000005, de data 4 de marzo de 2020.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión número 2020/G007/000011, de data 21 de maio de 2020.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

3º. Licenza urbanística.

4º. Estudo de detalle para reaxuste de aliñacións no cuarteirón existente entre a Rúa da Rampa e o Paseo Marítimo de Camelle.

5º. Modificación de contrato das obras de “Mellora e acondicionamento da Rúa Nova e Rúa do Porto (Camelle). POS + 2018.

6º. Contratación das obras de “Mellora e acondicionamento das transversais á Rúa Flaire de Camelle”, 1ª fase POS + AD 1/2019.

7º. Contratación das obras de “Reordenación e acondicionamento da Praza de San Xurxo en Camariñas”.

Segundo. Notificar este decreto aos Srs./Sras. concelleiros/as e á intervención municipal, a través da plataforma notifica.gal e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.